



A Coruña, a 7 de setembro de 2026

Estimadas familias

Desde Escolas Católicas Galicia se nos informa de que as organizacións sindicais FSIE, FEUSO, UGT, CCOO e CIG comunicaron a esa organización a convocatoria oficial dunha folga na totalidade dos centros educativos incluídos no ámbito funcional do VII Convenio da ensinanza concertada.

A folga terá lugar o 9 de setembro, en horario de 9 a 12 horas, e afecta tanto a persoal docente como a persoal non docente.

Os motivos da folga son os seguintes, segundo a convocatoria recibida:

- Recuperación das condicións laborais e salariais perdidas desde o ano 2010 por mor dos orzamentos da Xunta de Galicia ou a negociación dun novo acordo de condicións laborais do ensino concertado onde se aborden tanto o aboamento dos complementos económicos debidos coa súa actualización dezoito anos despois, así como a redución da carga lectiva co conseguinte incremento de ratios.
- Addenda ao acordo de xubilación parcial mellorando tanto o seu ámbito subxectivo como obxectivo, coa inclusión do persoal de pago privado indebidamente excluído, como a negociación doutras melloras en dito acordo.
- Acordo para mellorar as condicións do persoal de administración e servizos.

A educación ten a consideración de servizo esencial da comunidade, ou servizo de interese xeral para a comunidade, e polo tanto a obriga de fixar estes servizos corresponde á autoridade gobernativa, no noso caso á consellería con competencias en educación. Estamos á espera de que a administración educativa facilite a previsión dos servizos mínimos que se fixarán para ese día.

En calquera caso **o centro permanecerá ABERTO o día 9 no seu horario habitual**.

Tendo en conta que o día 9 de setembro é o día do inicio do curso escolar, esta folga pode afectar ao momento da entrada do alumnado no centro, un tempo no que é necesario especial coidado e atención. De darse un seguimento importante entre o profesorado, dado que a folga é un dereito dos traballadores, pregamos a vosa colaboración e paciencia se a entrada leva máis tempo do habitual por facela escalonada (por estar convocada de 9 a 12h. non afectaría o comedor, extraescolares nin saída).

Desexando un bo inicio de curso e un feliz transcurso do mesmo, recibide un cordial saúdo

O Equipo Directivo